

CAMPIONATO GALEGO de SQUASH SUB 13 SUB 17 2024

SQUASH CLUB SANTIAGO
Milladoiro (Ames)

BASES:

1º.- O Campionato realizarase nas instalacións do Squash Club Santiago en Avda. Rosalía de Castro, 59 Milladoiro (Ames); O día: **23 de marzo de 2024**.

2º.- Para inscribirse no torneo **é obrigatorio estar en posesión da Licenza Federativa da F.G.S. 2024.**

3º.- As inscricións faranse a través da páxina web ligasquash.net, no seguinte enlace:

<https://fgsquash.ligasquash.net/DetEvento.aspx?type=ChampionshipEdition&id=214>.

4º.- O peche da inscrición será o **luns, 18 de marzo de 2024 ás 23,59 horas.** O **precio da inscrición será de: 15 €.** Poderán inscribirse tódolos xogadores menores de 13 e 17 anos segundo categorías.

5º.- O **pago realizarase por transferencia bancaria**, e o xustificante será enviado por e-mail a: info@fgsquash.org antes do mércores 20 de marzo ás 11h, de non ser así a inscrición no terá validez. A todos os participantes faráselle entrega dun detalle.

Número de conta: **BANCO SANTANDER ES90 0049 0939 6421 1019 2402**

6º.- O martes, publicarase o listado provisional de inscritos/as, O mércores publicarase o listado definitivo de inscritos/as.

7º.- Os xogadores están obrigados a coñecer o seu horario de xogo, no caso, da súa incomparecencia, 15 minutos despois do horario do seu partido, serán dados W.O. Mantendranse os horarios dunha maneira estricta.

8º.- O torneo xogarase coa bola oficial da Federación Galega de Squash, **Dunlop Dobre punto.**

9º.- Os partidos xogaranse ó millor de cinco xogos de 11 puntos e xogaranse tódolos postos. Poderase modificar (xogar a 3 xogos) si houberse un gran número de inscritos/as ou por motivos de tempo.

10º.- O uso das gafas protectoras homologadas de Squash será obrigatorio para tódolos xogadores.

11º.- O Xuíz- Árbitro do torneo será: **D. JESÚS SOUTO IGLESIAS** e as súas decisións serán inapelables.

12º.- O torneo é valedreiro para o Ránking Galego Xúnior Sub 13 e Sub 17 (Puntuación dobre).

13º.- Entregaranse trofeos ós tres primeiros clasificados/as. E tamén se realizara un sorteo de material deportivo entre todos os inscritos/as.

**** A inscrición ao **presente Campionato leva implícita a cesión dos dereitos de imaxe para todo o relacionado con este evento deportivo.**

Todos os eventos do Calendario da Federación Galega de Squash son considerados públicos e polo tanto os datos dos deportistas/ participantes son notorios, de proxección pública, moi especialmente cando se obteña podio ou recoñecemento deportivo e social, e polo tanto son datos onde predomina o interese histórico e deportivo da FGS, celebrado en lugares abertos ao público. Así será de aplicación o artigo da Ley Orgánica 1/1982, de 5 de maio, e o uso das imaxes queda públicamente aceptado e autorizado, rexeitando o dereito fundamental ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

No caso de non desexar ou outorgar o seu consentimento para o tratamento dos datos anteriormente citados, o deportista non poderá participar no evento deportivo DE NINGÚN MODO mesmo aínda que teña realizada e formalizada a súa inscrición. *Aínda así, no caso de que estea no lugar do evento aberto ao público, mesmo sen participar, e a súa imaxe fose captada de forma accidental, será de aplicación o artigo 8-c da Lei Orgánica 1/1982 como imaxe simplemente accesoria*